O reitor cede a palabra a Marta Pazos, que vai dicir o mesmo que dixo na COAP e remite á información transmitida na súa intervención por correo electrónico, para que así conste na acta: “A CGI-PDI expón que aínda que a norma contempla unha excepcionalidade que lle permite ó reitor propoñer eximindo dos requisitos necesarios, estase a abrir un camiño á excepcionalidade de difícil explicación, por que a uns si e a outros non se lles aplica esta excepcionalidade? Para a CIG PDI, as normas teñen que ser iguais para todos e, en todo caso, a Uvigo ten que aplicalas se non as cambia. Amais, se a Uvigo quere facer unha nova normativa sobre o profesorado emérito, a CIG PDI considera que é o momento de reconsiderar as súas condicións”.

Miguel Cuevas comenta que está de acordo co que sinala Marta Pazos.

O reitor comprométese a presentar unha modificación da normativa xa que a el persoalmente non lle gusta. Preferiría que non fora unha decisión do reitor. Comprométese a levar á mesa de negociación de PDI, onde estean taxadas as excepcións para que non sexa decisión do reitor, senón unha listaxe das persoas que se poderían salvar. Marta Pazos responde que perfecto.

Tamén poderíamos abrir o debate sobre a condición de honorarios, como hai noutras universidades, ou eméritos.

Da a benvinda as persoas que se converten en eméritos, xa que tamén é unha satisfacción que queiran seguir traballando coa Universidade.

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, das bases reguladoras para a selección de áreas de coñecemento para a convocatoria de prazas correspondentes ao 15% reservado para persoal investigador nas ofertas de emprego (OEP) da Universidade de Vigo, convocatoria 2024.

O reitor da a palabra ao vicerreitor de Profesorado e Ordenación Académica, quen pasa a expoñer as bases reguladoras:

Convocaranse cinco prazas de profesorado titular de universidade.

As persoas aspirantes deberán:

- Dispoñer da acreditación da ANECA como profesorado titular de universidade.
- Dispoñer da acreditación I3 ou R3.
- Ter unha resolución favorable do proxecto na convocatoria de axudas para incentivar a consolidación investigadora do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades do ano 2022.

Avaliación e selección:

- Delégase na COAP a selección das áreas de coñecemento para a convocatoria entre as persoas que cumpran os requisitos e a creación das prazas correspondentes.
- Se o número de solicitantes fose superior ao de prazas dispoñibles:
 - En primeiro lugar, terán preferencia as persoas coa data de acreditación a profesorado titular máis antiga.
 - En segundo lugar, a preferencia será en función da data de obtención do I3/R3.

Universidade de Vigo



- Unha vez resoltas as reclamacións ou as alegacións, a COAP publicará o acordo definitivo, que se fará efectivo sempre que as persoas seleccionadas soliciten a transformación da súa praza a profesorado titular interino (agás os Ramón y Cajal), aprobada polo departamento.
- De non facelo, seleccionaríanse as áreas seguintes que correspondan.

Universidade de Vigo



Anabel González Penín quere que conste na acta a súa abstención.

Apróbanse por maioría.

9. Aprobación, se procede, da solicitude de comisión de servizos cruzada simultánea de María Magdalena Cid Fernández (vinculada á Universidade de Vigo) e de Félix Manuel Freire Iribarne (vinculado á USC).

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado e Ordenación Académica, quen presenta a solicitude:



- Informe favorable do Departamento de Química Orgánica (C12) da UVigo.
- Aprobación pola USC prevista no Consello de Goberno convocado para o 25 de xuño.
- O proxecto de investigación actualmente liderado por María Magdalena Cid Fernández quedará na UVigo, a través da inclusión dun novo investigador principal.

Apróbase por asentimento.

10. Informe sobre a Convocatoria do Plan de Estabilización de promoción de Profesorado Asociado co título do doutor da Universidade de Vigo para o curso 2024/2025.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado e Ordenación Académica, quen explica o seguinte erro detectado:



- Detectado un erro aritmético no anexo I do acordo da COAP do 03/05/24, publicouse unha corrección de erros o 31/05/24.
 - Raquel Vázquez Pérez (X01-A0813-O) pasaba á listaxe de persoas excluídas por non ter sido contratada como asociada durante polo menos 7 anos dos últimos 10.
 - Presentou unha alegación o 06/06/24, que non procedeu estimar porque estivo contratada como profesora asociada 6 cursos académicos, non os 7 requiridos.

- Por acordo da COAP do día 12 de xuño, a relación definitiva de persoas admitidas queda como segue:

DOCUMENTO	APELLIDOS		NOME	DEPARTAMENTO	ÁREA	UNIDADE DOCENTE	HORAS	RATIO
***6974**	Rodríguez	Somoza	Juan Luis	T06	A0500	T06-A0500-P	-773,74	0,39
***2578**	Ezquieta	Llamas	Iciar	X05	A0193	X05-A0193-P	-548,27	0,36
***5997**	Dominguez	López	Ángel	H05	A0465	H05-A0465-OP	-413,15	0,46
***7780**	Gómez	López	Concepción	X10	A0675	X10-A0675-P	-552,66	0,50
***7503**	Reguera	López de la Osa	Xoana	X05	A0245	X05-A0245-P	-1.678,96	0,63
***1496**	García	Ordóñez	Enrique	X05	A0187	X05-A0187-P	-597,18	0,65
***9870**	López	Fernández	José Manuel	X14	A0105	X14-A0105-P	-2.112,17	0,67
***2124**	Castro	Lorenzo	Carla	H04	A0335	H04-A0335-V	-390,20	0,68

- Unidades seleccionadas: T06-A0500-P, X05-A0193-P, H05-A0465-OP, X10-A0675-P e X05-A0245-P.

O reitor engade que tense que tratar na mesa de negociación porque mudou este programa.

Apróbase por asentimento.

11. Aprobación, se procede, do Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo.


O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen comenta os pasos levados a cabo co Regulamento que se somete a aprobación:

Informado favorablemente por asentimento da COAP do 12 de xuño de 2024

1. Exposición de motivos.
2. Análise das modificacións introducidas pola aprobación do RD 576/2023, do 4 de xullo, sobre o RD 99/2011, polo que se regulan as ensinanzas de doutoramento.
3. Proceso de modificación do Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo.
4. Principais modificacións no regulamento.

Informado favorablemente por asentamento da COAP do 12 de xuño de 2024

Exposición de motivos



Cambios normativos + experiencia dos últimos anos:

Introdución de cambios para mellorar as condicións nas que as persoas doutorandas desenvolven os seus estudos.

- Lei orgánica 2/2023 – sistema universitario
Ciencia aberta e ciencia cidadá. Mencións internacional e industrial.
- RD 576/2023 – estudos de doutoramento
Supervisión e seguimento de actividades doutorais. Acreditación institucional.

Informado favorablemente por asentamento da COAP do 12 de xuño de 2024

Análise das modificacións


- Art. 2 - **Experiencia investigadora acreditada**
Establécese o sexenio como criterio de *experiencia investigadora acreditada*.
- Art. 3 - **Duración da tese**
Tempo completo: 4+1 / Tempo parcial: 7+1. Só unha prórroga dun ano.
- Art. 5 – **Competencias**
Ciencia aberta e ciencia cidadá.
- Art. 6 – **Acceso**
España MECES3, EU MEC7.
- Art. 7 – **Admisión**
Posibilidade de establecer como criterio de admisión o aval dun director/a.
- Art. 9 – **Acreditación**
Acreditación institucional das escolas de doutoramento.

Informado favorablemente por asentamento da COAP do 12 de xuño de 2024

- **Art. 11 - Plan de formación persoal**
Xunto co plan de investigación, antes do remate do primeiro ano.
- **Art. 12 - Número de directores/as**
Número máximo: 3. A codirección pode non ter sexenio.
- **Art. 13 – Informes externos**
Dous nformes externos para o depósito. Poderán propoñer aspectos de mellora.
- **Art. 14 – Premios extraordinarios**
Un premio por cada 10 teses ou fracción.
- **Art. 15 – Mención internacional**
Tres meses de estadias en total, polo menos una cunha duración mínima dun mes.
- **Art. 15 bis – Mención industrial**
Proxecto de investigación de interese industrial, comercial, social ou cultural.
Duración do contrato mínima dun ano.

Informado favorablemente por asentamento da COAP do 12 de xuño de 2024

Coordinación no ámbito nacional



Retos da modificación do RD 99/2011

A reforma do RD 99/2011 presenta numerosas dúbidas relativas á súa aplicación:



CONSULTA A
SECRETARÍA
XERAL DE
UNIVERSIDADES

Informado favorablemente por asentemento da COAP do 12 de xuño de 2024

Resposta da Secretaría Xeral de Universidades

- Art. 2 - Experiencia investigadora acreditada
Interpretación da norma: dúas vías, con sexenio CNEAI ou méritos equiparables, segundo a normativa da universidade.
- Art. 6 – Requisitos de acceso
Interpretación da norma: a universidade pode permitirlle o acceso ao estudiantado con grao 180 ECTS fóra de España+ mestrado en España 60 ECTS.
- Art. 14 - Avaliación e defensa da tese
Interpretación da norma: o tribunal poderá estar formado por membros pertencentes a outras universidades distintas a aquela onde se defende a tese, incluídas aquelas outras pertencentes ao título conxunto interuniversitario, se os membros non forman parte do programa.

Informado favorablemente por asentemento da COAP do 12 de xuño de 2024

Informe do GRUPO DE TRABAJO da Conferencia de Directores/as de Escolas de Doutoramento (CDED)

Asunto: **xestión dos informes externos das teses doutorais**

Sen consenso, pero con acordo maioritario:

- A xestión dos informes externos non se computa dentro do prazo de permanencia.
Dúas universidades (UPV e UMH) consideran que a xestión dos informes externos debe realizarse dentro do prazo de permanencia.

Haberá universidades que pagarán aos expertos/as pola emisión dos informes, e outras que non o farán.

Informado favorablemente por asentamento da COAP do 12 de xuño de 2024

Coordinación no sistema universitario galego

Reunións periódicas de coordinación

Principais temas tratados:

Requisitos de acceso, admisión, embargo de teses, defensa de teses en portugués, emisión de informes desfavorables polas CAPD, defensa de teses,...

- Consenso sobre a xestión de informes externos á universidade.
- Acordo nos principais aspectos do regulamento.
- Mellora da coordinación entre escolas.

Informado favorablemente por asentamento da COAP do 12 de xuño de 2024

Proceso de modificación na Eido

- Análise das modificacións introducidas polo RD 576/2023 que modifica o RD99/2011 nas reunións da **Comisión Permanente da Eido do 24 de outubro de 2023 e do 19 de decembro de 2023**.
- Reunións de coordinación coas direccións das escolas internacionais de doutoramento da UDC e da USC.
- Elaboración da proposta.
- Informe da modificación do regulamento na **Comisión de Calidade da Eido do 20 de marzo de 2024**.

Informado favorablemente por asentamento da COAP do 12 de xuño de 2024.

- Envío do borrador do Regulamento a todos os **membros do comité de dirección** e apertura do **prazo para presentar alegacións**.
- Prazo de **exposición pública** con data límite do **26 de abril de 2024**.
- Aprobación no **comité de dirección do 20 maio de 2024**.
- Texto revisado pola Área de Normalización Lingüística.
- Informe favorable da Asesoría Xurídica do **6 de xuño de 2024**.

Informado favorablemente por asentamento da COAP do 12 de xuño de 2024.

Principais modificacións do regulamento

Debate e aprobación, se procede, das 36 alegacións presentadas ➡ 24 aceptadas

Artigo 9. Titoría do programa de doutoramento:

«Para ser persoa titora de tese o PDI debe cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter experiencia investigadora acreditada, segundo o indicado no artigo 8.
- b) ...»

- **Causas de abstención:**

Non poderá ser titora ou titor quen teña un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable, parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao, ou de afinidade dentro do segundo grao coa persoa titorizada.

Informado favorablemente por asentemento da COAP do 12 de xuño de 2024

Autorización para un terceiro director/a de tese

Artigo 10. Dirección da tese de doutoramento

«O número máximo de persoas que poderán exercer a dirección dunha tese será de dúas, agás nas seguintes circunstancias que poderá ser de tres:

- a) Cando a tese sexa de carácter claramente interdisciplinario.
- b) Cando a tese se desenvolva no marco dun proxecto de investigación nacional ou internacional obtido mediante unha convocatoria competitiva en colaboración con outro centro ou institución nacional ou estranxeira.
- c) Cando a tese se desenvolva en réxime de cotutela con máis dunha universidade estranxeira.
- d) Cando a tese opte á mención de doutoramento industrial.
- e) Cando a tese teña un codirector/a dunha institución estranxeira.»

Informado favorablemente por asentemento da COAP do 12 de xuño de 2024

Tramitación de depósito da tese doutoral



A duración da tese contaríase desde a primeira matrícula do doutorando/a polo concepto de tutela académica do doutoramento ata a presentación da solicitude do depósito da tese de doutoramento.

O reitor comenta que está presente o director da EIDO, por se quere comentar algo.

Apróbase por asentimento.

12. Aprobación, se procede, das propostas de verificación/modificación de títulos de Grao, Máster e Doutoramento da Universidade de Vigo para o curso 2025/2026.

O reitor aclara que neste punto é no que queren intervir as persoas invitadas despois da solicitude cursada, cedendo en primeiro lugar a palabra a Claudio Cerdeiriña, e despois ó resto por orde de petición.

Se presenta como representante da Plataforma Pro Campus, dando os bos días a todas e a todos, e explica que ven falar da integración dos estudos das escolas de enfermaría adscritas á Universidade de Vigo. Hai que preguntarse quen é a comunidade universitaria de enfermaría no sur de Galicia, aclarando que son o profesorado e o alumnado desas escolas universitarias que exercen actividades encamiñadas a obter un título universitario, o Grado en Enfermería. Polo tanto, ten claro que a comunidade universitaria está nesas escolas de enfermaría, quizais non progresaron por non pertencer á unha universidade pública. Polo tanto, cre que as propostas que se traen neste punto non teñen en conta esta realidade ao adscribir o máster de Enfermería á Facultade de Fisioterapia, non habendo impedimento algún para adscribilo provisionalmente ás escolas de enfermaría. Ademais, preténdese nomear como encargado ao decano comisario, que non ten experiencia docente no ámbito de enfermaría, sendo profesor na Facultade de Fisioterapia. As persoas do ámbito da enfermaría están sendo privadas do poder de decisión e do prestixio á hora de organizar uns estudos universitarios de enfermaría, o que é un contrasentido.

Ademais, ve que este procedemento administrativo pon un teito de cristal a un colectivo esencialmente feminino. Por último, hai un tema de consenso con respecto ao Grado e tamén en relación co Máster. Con respecto ao grado, dúas escolas din que si, e as outras dous non queren por un conflito territorial. Esa falta de consenso reflicte o xogo territorial subxacente nesta historia. O costume xurídico da Universidade de Vigo para titulacións compartidas sempre respectou o consenso, polo que debería esixirse que fora por consenso, non habendo neste caso nin tan sequera maioría simple, xa que Pontevedra representa aos dous centros que están de acordo, pero Vigo e Ourense non aceptan. Un motivo adicional sería tamén que afecta criticamente ao desenvolvemento das carreiras científico profesionais do actual profesorado das escolas adscritas, polo que debería facerse por consenso, e non se faría de acordo coa costume xurídica que vense utilizando.

Claudio quere declarar publicamente que respecta e aprecia ao reitor como reitor e como persoa, así como aos membros do seu equipo (Susana Reboreda, amiga, Javi Rajo, amigo, María José Bravo Bosch, a quen profesa afecto) e quere precisar que o único é que non está de acordo con esta decisión, polo que solicita que se suspenda este proceso que afecta ao título de enfermaría, para retomalo cumprindo coa legalidade e coa vista posta nas estratexias de acción positiva que os poderes públicos deben impulsar para garantir a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. (Anexo I)

María Reyes Pérez Fernández, representa a dúas escolas públicas de Enfermaría, adscritas á Universidade de Vigo.

A continuación da lectura ao escrito (Anexo II).

Por último, solicita a paralización da tramitación do Grado e Máster en Enfermaría e se retome a finais do presente ano, pedindo que conste en acta e agradecendo a posibilidade de ter participado no Consello de Goberno para expoñer a situación.

O reitor precisa que o ideal sería que remitisen o escrito para incorporar á acta como anexo.

Lucía de Luis Cid, estudante de enfermaría, en nome do estudantado da escolas universitarias de enfermaría de Ourense e Meixoeiro, lembra a obrigatoriedade de contar cos estudantes para a elaboración da memoria do título, sinalando que neste caso concreto os estudantes non foron convocados para a elaboración, e tras presentar alegacións ao respecto o defecto non foi subsanado, polo que solicitan que se paralice a tramitación do Grado e o Máster en enfermaría e se retome creando comisionados para os plans de estudo que aseguren a participación do estudantado. Pide que conste en acta (Anexo III).

O reitor comenta que os anteriores reitores intentaron facer a Facultade e non puideron, pero cre que tampouco poderá ser nesta ocasión. Engade que se ten que adiar un ano todo, entón terá que deixar o proxecto porque non vai ser posible, cando é algo ilusionante para poder ter unha facultade investigadora.

Cita a Anabel González Penín, primeira directora da Unidade de Igualdade, que o fixo de marabilla, e lembra que o goberno da Universidade de Vigo non ten nada de machismo, para evitar calquera impresión ao respecto.

O reitor engade que cando nomea ao decano comisario, ten que aclarar que tecnicamente ten que ser do corpo de funcionarios da Universidade, por iso foi Rafael Durán a quen agradece enormemente o seu esforzo.

Despois fala o vicerreitor de Titulacións e Innovación Educativa, para matizar tres aspectos antes da súa presentación: está bastante de acordo coa exposición do profesor Cerdeiriña, pero lembra que mantense sempre a legalidade na Universidade de Vigo. O consenso no ano 2019, no que el non era vicerreitor, ante un informe da ACSUG do 2017, intentouse chegar a el nunha reunión para intentar salvar o futuro da Facultade, cumprindo cos requirimentos dos organismos necesarios para poder levar adiante o título. Aclara tamén o articulado á estudante, dicindo que están representados na Xunta de Centro, que é a competente nese caso.

Pide de novo a palabra María Reyes Pérez, quen sinala que o decano comisario encargoulle a un médico que deseñase un Máster para as enfermeiras, polo que a partir de aí todo foi a peor porque xa están cansados de tanta tutela. O comisionado o fixo moi mal, foi realmente insultante, faltándolles ao respecto continuamente. O reitor intervén despois dicindo que cree que o médico fixo un traballo encomiable. Claudio Cerdeiriña intervén de novo, está de acordo co futuro, co que non están de acordo é co que se aproba no Consello de Goberno, coas medidas de provisionalidade, cando se podía facer nas actuais escolas adscritas. Intervén a continuación Vicente Romo, como membro de Consello de Goberno, o que ve é que hai pequenos matices, incluso impostos pola normativa vixente. É moi importante que haxa unha Facultade de Enfermaría, deixalo pasar é un erro, unha enorme irresponsabilidade, e manifesta que vai votar a favor. Fai unha petición ao reitor, xa que cando se produce unha integración sempre hai reticencias porque o profesorado ten diversas situacións, iso crea rexeitamento, polo que a única forma de saír adiante é dar garantías

ao profesorado, que sexa imaxinativo o reitor, e que saiban os profesores que na integración van saír gañando. E mais cando os políticos están de acordo. O reitor confirma que o funcionamento da facultade dependerá da integración do persoal que existe, pero terase que face de acordo coa legalidade.

A continuación, o reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen fai a seguinte presentación:

Informado favorablemente por asentemento da COAP do 12 de xuño de 2024

Proposta de graos

CURSO 2025/2026						
GRAOS	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	OBSERVACIÓNS
PCEO Grao en Enxeñaría Informática e Grao en Intelixencia Artificial	Escola Superior de Enxeñaría Informática	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVIGO	
Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVIGO	
Grao en Enfermería	Escolas de Enfermería Vigo/Ourense/Po()	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVIGO	Aprobado polas xuntas de centro de Enfermería de Pontevedra e de POVISA.

(*) Mentres non se produza a integración na Facultade de Enfermería

Informado favorablemente por asentemento da COAP do 12 de xuño de 2024

CURSO 2025/2026						
GRAOS	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	OBSERVACIÓNS
Graduado ou Graduada en Publicidade e Relacións Públicas	Facultade de Comunicación	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVIGO	Fóra de prazo
PCEO Grao en Comunicación Audiovisual e Grao en Publicidade e Relacións Públicas	Facultade de Comunicación	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVIGO	Necesita a aprobación do Grao en Publicidade e Relacións Públicas. Non cumpre a normativa
Grao en Bioloxía	Facultade de Bioloxía	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVIGO	Aprazado
Graduado/a en Química	Facultade de Química	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVIGO	Aprazado
Grao en Relacións Internacionais	Facultade e Relacións Internacionais	MODIFICACIÓN	NON	SÍ (UVIGO, UDC)	UDC	Aprazado

Informado favorablemente por asentemento da COAP do 12 de xuño de 2024

Proposta de mestrados

CURSO 2025/2026						
MESTRADOS	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADOR A	OBSERVACIÓNS
Mestrado en literatura dramática, música e artes escénicas	Facultade de Filoloxía e Tradución	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo	
Mestrado en prevención e abordaxe multidisciplinar das drogodependencias e condutas aditivas	Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social	VERIFICACIÓN	SI	SI (UVigo, USC)	UVigo	Denominación anterior: Mestrado en prevención e tratamento das drogodependenci as e condutas aditivas
Mestrado en realidade estendida	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	VERIFICACIÓN	SI	SI (UVigo, UDC)	UDC	
Mestrado en ciencia do exercicio, preparación física e readaptación deportiva	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	VERIFICACIÓN	SI	SI (UVigo, UDC)	UVigo	

Universidade de Vigo



Informado favorablemente por asentemento da COAP do 12 de xuño de 2024

CURSO 2025/2026						
MESTRADOS	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADOR A	OBSERVACIÓNS
Mestrado en enfermaría de práctica cardiovascular e respiratoria avanzada	Facultade de Fisioterapia (*)	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo	*Adscrición provisional mentres non se crea a Facultade de Enfermaría. Presentaron a declaración de interese con outra denominación «MU en Enfermaría»
Mestrado en creación artística contemporánea	Facultade de Belas Artes	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo	
Mestrado en criminoloxía	Facultade de Dereito	VERIFICACIÓN	SI	SI (UVigo, UDC)	UDC	

Universidade de Vigo



Informado favorablemente por asentemento da COAP do 12 de xuño de 2024

CURSO 2025/2026						
MESTRADOS	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADOR A	OBSERVACIÓNS
Mestrado en enxeñaría de telecomunicación	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
Mestrado en ciencia e tecnoloxías da información cuántica	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo, UDC, USC)	USC	
Mestrado universitario en enxeñaría informática – mención dual	Escola Superior de Enxeñaría Informática	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	

Informado favorablemente por asentemento da COAP do 12 de xuño de 2024

CURSO 2025/2026						
MÁSTERES	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADOR A	OBSERVACIÓNS
Mestrado en incendios forestais. Ciencia e xestión integral	Escola de Enxeñaría Forestal	VERIFICACIÓN	SI	SI (León, Lleida, Politécnica de Valencia)	LLEIDA	Non hai matrícula na UVigo. Incumprir a resolución do 14 de novembro de 2022 da Xunta de Galicia
Mestrado en lingüística aplicada	Facultade de Filoloxía e Tradución	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo, UDC, USC)	UDC	Aprazado
Mestrado en enxeñaría industrial	Escola de Enxeñaría Industrial	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	Aprazado
Mestrado en tecnoloxía avanzada	Facultade de Bioloxía	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo, UDC)	UVigo	Aprazado
Mestrado en Industria 4.0	Escola de Enxeñaría Industrial	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	En período de denuncia de convenio e extinción

Informado favorablemente por asentemento da COAP do 12 de xuño de 2024

Proposta de programas de doutoramento

CURSO 2025/2026						
PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADOR A	OBSERVACIÓNS
Programa de doutoramento en investigación sanitaria	Escola Internacional de Doutoramento UVigo	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo	*Presentaron a declaración de interese con outra denominación «Ciencias da Saúde»
Programa de doutoramento en ciencias do deporte, educación física e actividade física saudable	Escola Internacional de Doutoramento UVigo	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo+UDC)	UDC	

Universidade de Vigo



Informado favorablemente por asentemento da COAP do 12 de xuño de 2024

CURSO 2025/2026						
PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADOR A	OBSERVACIÓNS
Programa de doutoramento en creación e investigación en arte contemporánea	Escola Internacional de Doutoramento UVigo	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	APRAZADO VINDEIRO CURSO
Programa de doutoramento en endocrinoloxía	Escola Internacional de Doutoramento UVigo	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo+USC)	USC	APRAZADO VINDEIRO CURSO

Universidade de Vigo



O reitor cede a palabra a Juan Picos, quen quere falar sobre o Máster en incendios forestais, tal e como informou o vicerreitor. Lamentablemente non van a poder participar neste Máster xa que incumpre a resolución do 14 de novembro de 2022 da Xunta de Galicia, polo que a Xunta de Facultade tivo claro decaer na solicitude. Lamenta profundamente que algúns segan participando neste máster interuniversitario, doutras comunidades autónomas que contemplan outro tipo de normativa, e manifesta o agradecemento ao vicerreitor polo apoio e o traballo co centro, quen sinala que pediu á Secretaría Xeral de Universidades a posibilidade de poder resolver o tema nos másteres interuniversitarios.

O reitor fala da retirada de PCEO na Facultade de Comunicación, que é unha mágoa, e quere que quede esta reflexión.

Apróbase por asentimento.

13. Aprobación, se procede, da proposta de memoria do máster de formación permanente: Xestión e Liderado de Organizacións Sanitarias.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen presenta a proposta da memoria:



Mestrado de formación permanente:
xestión e liderado de organizacións sanitarias.

- Exposición pública (17 de abril de 2024)
- Informe favorable do Servizo de Posgrao.
- Informe favorable da Área de Calidade.
- Informe favorable do Comisión de Estudos de Posgrao (8 de maio de 2024).

Apróbase por asentimento.

14. Aprobación, se procede, da modificación da normativa da Universidade de Vigo para a contratación de traballos de carácter científico, técnico, humanístico e calquera outra actividade de transferencia realizada ao abeiro do artigo 60 da LOSU e da Lei da Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.

O reitor comenta antes de comezar que os próximos tres puntos son de investigación, e a ver se podemos sacar un acordo adiante con respecto a todos xuntos. Vaille pedir á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación que os presente.

A vicerreitora comenta que houbo problemas con algún deles na Comisión de Investigación. A continuación fai unha exposición co seguinte contido:

Principais cambios

- Pasa a chamarse «normativa para a contratación de traballos de carácter científico, técnico, humanístico e artístico».
- Incremento dos custos indirectos desde o 10 % ao 15 %.
- IP: aberto non só ao PDI senón tamén ao PI (doutor) con vinculación igual ou superior á duración da actividade.
- Autorización asinada pola dirección do centro de investigación, instituto ou grupo de investigación, e non pola dirección do departamento (que quedará como subsidiaria no caso de IP non adscritos a grupos, institutos ou centros).
- Incremento da porcentaxe que pode ser transferida á AEI, ata o 40 %.
- Posibilidade de non pasar nada á AEI nin ao departamento, e utilizar todo o «remanente» para retribucións do profesorado.
- A vía de entrada será sempre a Oficina de I+D e eliminarase a dualidade Oficina de I+D/Servizo de Investigación.
- Aprobada pola Comisión de Investigación, aínda que con tres votos en contra.

Solicitante	Solicitude	Resposta
Xosé H. Vázquez	3-Solicítase que se elimine esta discriminación e se permita que o persoal contratado como indefinido, segundo o capítulo 6, poida figurar na listaxe de participantes e, deste xeito, tamén ter dereito ás retribucións segundo a súa actividade no informe/contrato.	No artigo 4 especificase que este persoal poderá participar nestas actividades sempre e cando sexa posible de acordo á súa modalidade contractual. Por outra banda, as retribucións do persoal de investigación contratado virán fixadas no seu contrato e deberán ser acordadas ao establecido na normativa de contratación de persoal de investigación da UVigo.

Solicitante	Solicitude	Resposta
Xosé H. Vázquez Carlos Prado FJ González Castaño Concepción Paz Penín	Artigo 19: solicítase que se manteña no 10% a porcentaxe de custos indirectos sobre o total de ingresos.	A porcentaxe de custos indirectos en actividades do artigo 60 leva inmutable, nunha contía do 10 %, desde, polo menos, a aprobación do Regulamento de cursos e de convenios da Universidade de Vigo, no ano 1996. Nos proxectos do Ministerio, por exemplo, observamos un incremento destes custos desde o 19 % (2005) ata o 25 % (2023). Nos proxectos europeos do programa Horizonte 2020 (2014-2020) e Horizonte Europa (2021-2027), os custos indirectos están tamén no 25 %. En actividades do artigo 60, as universidades da nosa contorna establecen unhas porcentaxes que van desde o 13 % (UDC), pasando polo 15 % (Oviedo, Zaragoza), o 16 % (USC para ámbitos non experimentais), 18 % (País Vasco) e chegando ao 21% (Cantabria, Castela a Mancha e USC para ámbitos experimentais). Ademais, utilizando tanto a metodoloxía de cálculo recomendada polo Ministerio como a da Comisión Europea para os custos indirectos «reais» en proxectos de I+D, a porcentaxe resultante é manifestamente superior.

Solicitante	Solicitude	Resposta
Xosé H. Vázquez Henrique Lorenzo Cimadevila	2-Artigo 21: solicítase que non se restrinja o cobro de retribucións só ao cobro da última factura, senón á dispoñibilidade de fondos orzamentarios para esos efectos. Artigo 21: Retribucións: solicítase que non se restrinja o cobro de retribucións só ao cobro da última factura senón ao cobro de cada factura.	Mentres a actividade do artigo 60 non estea integramente facturada e ingresada, é a UVigo quen adianta os fondos para o seu desenvolvemento. Polo tanto, os importes que se poidan ir ingresando en concepto de pagamentos periódicos serven para repoñer eses adiantos, e quedan para a liquidación final o pagamento das retribucións. De todos xeitos, incluírase na normativa a frase «salvo excepcións xustificadas», para ter en conta outras situacións, como por exemplo aquelas nas que os pagamentos de facturas intermedias superen xa os gastos de execución previstos, e poderase deste xeito retribuír xa o persoal.

Solicitante	Solicitud	Resposta
Carlos Prado Prado	Artigo 13: Solicita que os prazos de informes ou de sinaturas de autorización sexan dun mes.	O artigo 13 establece un prazo de 10 días hábiles e incorporan a posibilidade de ampliar ese prazo en caso de ser necesario. Se está xustificado, e para casos particulares, non habería problema para que este prazo sexa dun mes.

Solicitante	Solicitud	Resposta
Carlos Prado Prado F.J. González Castaño	Artigo 16: O informe final non debería ser obrigatorio salvo que a empresa o esixa.	Aínda que non o solicite a empresa, un informe final da actividade, dado que supón unha posta á disposición de recursos económicos e unha serie de gastos e obrigas relativas a fondos públicos, é preceptivo. Proporcionarase un modelo o máis sinxelo posible de cara a reducir a carga burocrático-administrativa. Substituíuse o termo «informe» por «acta de finalización» para evitar confusións co que sería un informe científico, e engadiuse que será obrigatorio unicamente cando poida ser automatizado.

Solicitante	Solicitud	Resposta
Carlos Prado Prado	Será o/a IP quen decida se se trata dun informe ou dun contrato e non a Oficina de I+D.	A persoa IP fai a proposta da actividade encadrándoa nun contrato ou nun informe, pero é o persoal técnico da Oficina de I+D quen, revisando as leis e as normativas aplicables, pode asesorar sobre a natureza xurídica da actividade, sempre de acordo coa propia definición de informe prevista na normativa. Engadiuse unha cláusula na normativa que especifique que, para os efectos de certificacións e de homologacións, todas as actividades do artigo 60 (sexan contratos ou informes) serán catalogadas como actividades contratadas.

Solicitante	Solicitud	Resposta
FJ. González Castaño	Artigo 19 «Dos ingresos e dos gastos»: especificar os mecanismos que permitan solicitar o uso dos custos indirectos. Establecer un prazo adicional á finalización dos contratos para a sinatura de adendas. Aclarar no artigo 19 que os custos de persoal propio se refiren as retribucións extraordinarias para o persoal participante no proxecto.	- Os custos indirectos das actividades do artigo 60 serven para compensar, en parte, os gastos xerais que asume a UVigo no desenvolvemento da actividade de transferencia. Non hai mecanismos que permitan solicitarlles ás e aos IP o uso deses custos indirectos para outras necesidades. - As adendas defínense como modificación aos contratos en vigor. Se o contrato está xa finalizado non estaríamos a falar de adendas. Por definición, as adendas deben asinarse antes da data de finalización da actividade. Daranse as instrucións oportunas para que, aínda que se emitira a última factura, se a proposta de adenda chega co contrato aínda en vigor, se proceda a esta modificación. - No artigo 21, sobre retribucións, faise xa esa aclaración.

Solicitante	Solicitud	Resposta
Henrique Lorenzo Cimadevila	Artigo 20 Distribución dos ingresos da Universidade: cambiar o tope da transferencia ás AEI ao 60 % e engadir ao final do párrafo «Con cada factura emitida e cobrada, trasladaráselle á AEI a parte proporcional do consignado na tramitación do contrato.»	Logo da consulta aos diferentes servizos e áreas xurídicas, e tendo en conta as recomendacións do Consello de Contas, decidíuse que unha porcentaxe do 40 % que transferir ás AEI é o máis acaído . Ademais, o momento desta transferencia debe ser unha vez atendidos todos os gastos relacionados coa actividade.

Solicitante	Solicitud	Resposta
Miguel Dorribo	Preámbulo: incorporar referencias aos estándares europeos de investigación. Obxecto: as precisións sobre o persoal dos grupos é restritiva, posto que só considera o PDI (persoal docente e/ou investigador). Isto é contrario á dita recomendación (a Carta), que menciona o persoal investigador, o persoal xestor de investigación e o persoal técnico de investigación no EEI. A Lei da ciencia emprega tamén as denominacións persoal investigador, persoal de xestión e persoal técnico.	No preámbulo faise xa referencia á nova Lei da ciencia, que, á súa vez, incorpora múltiples referencias ao Espazo Europeo de Investigación e aos estándares europeos de investigación. No obstante, propoñemos engadir: no ámbito europeo, a Carta Europea da Persoa Investigadora e o Código de Conduta para a contratación de persoal investigador, aos que está adherida a Universidade de Vigo, establecen tamén, dentro dos seus principios, a importancia da explotación de resultados de investigación e das políticas e das prácticas que regulen a participación e os dereitos do persoal investigador nas actividades de transferencia de coñecemento. A función da transferencia nas universidades españolas, segundo a LOSU e a Lei da ciencia, é levada a cabo, fundamentalmente, polo persoal investigador. Isto non implica que o resto das figuras da Carta e da Lei da ciencia non sexan necesarias, pero o obxecto da normativa é regular as actividades de transferencia que, de xeito xeral, desenvolve o PDI.

Solicitante	Solicitud	Resposta
Miguel Dorribo	Artigo 9 contratación de persoal: se esta contratación inclúe persoal investigador, entón haberá que aplicar os principios OTM-R (incluír no preámbulo unha referencia a esta política).	No artigo 9 faise referencia á Normativa de contratación de persoal de investigación da UVigo, que xa establece a aplicación dos principios OTM-R.

Procédese a votar co seguinte resultado:

29 votos a favor, 4 en contra, e 5 abstencións.

Apróbase por maioría.

15. Aprobación, se procede, da modificación do protocolo para o desenvolvemento do programa de accións estratéxicas para grupos de investigación da Universidade de Vigo.

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación continúa coa exposición conxunta dos puntos relacionados con investigación, facendo constar que a Lei da Ciencia permite cobrar de accións, pero non permite ao PDI cobrar doutras fontes que non sexan actividades científico-técnicas, dunha conta da universidade non vinculada directamente con transferencia. Quizais teñamos que sacar unha instrución coas medidas que queremos aprobar. Este punto non foi aprobado na Comisión de Investigación:

Principais cambios

- Compromiso de execución dunha porcentaxe de gasto (50 %) para a concesión dunha prórroga da AEI.
- Eliminación do crédito orzamentario máximo de 2 millóns de euros para o conxunto das AEI.
- Eliminación da posibilidade de retribucións adicionais dende as AEI.
- Ten en conta a posibilidade de execución dos gastos, complementos salariais do persoal contratado baixo algunha modalidade de axuda de RRHH de investigación.
- Non foi aprobada pola Comisión de Investigación.

Solicitante	Solicitude	Resposta
Xosé H. Vázquez	1-Centralizar nas AEI as retencións de crédito correspondentes ás indemnizacións do persoal contratado como indefinido, incluíndoo no obxecto deste protocolo e describindo o proceso nun apartado específico.	1. Está en proceso de aprobación unha modificación da normativa de contratación de persoal de investigación que recolle, na DA9, a problemática das indemnizacións dos contratos indefinidos. Ademais, no artigo 5 do protocolo das AEI, resáltase que poderán cargarse na AEI custos de persoal indefinido non cubertos por outras fontes de financiamento. Incluírase, de todos os xeitos, de forma explícita no protocolo das AEI, a posibilidade de utilizalas para as retencións de crédito correspondentes á indemnización dos contratos indefinidos.

Solicitante	Solicitude	Resposta
Xosé H. Vázquez	2- Inclusión explícita dos gastos de protocolo derivados de actividades con colaboradores como gasto subvencionable, dentro do punto 5 do protocolo, que detalla os gastos imputables ás AEI-UVigo.	2. O importe de gastos protocolarios está limitado nas normas de execución orzamentaria da UVigo e non pode ser incrementado. Valorarase, de cara aos orzamentos de 2025, a posibilidade de fixar unha cantidade máxima para gastos protocolarios nas AEI.

Solicitante	Solicitude	Resposta
Xosé H. Vázquez IP grupo REDE	3- Confirmar se as instrucións da Xerencia do 22 de abril seguirán vixentes tras a aprobación da normativa.	3. Confírmase a vixencia desa instrución relativa ao pagamento de retribucións ao profesorado vencelladas ao desenvolvemento das cátedras, cando o convenio regulador da cátedra estableza estas retribucións como gasto elexible.

Solicitante	Solicitude	Resposta
Carlos Prado	"1- Artigo 5 «Gastos imputables». A redacción dos complementos salariais debería simplificarse dicindo que se autoriza o pago do complemento.	1. É necesario regular as condicións de aprobación destes complementos, que deberán ir en consonancia coa modificación da normativa de contratación de persoal de investigación (en trámite de aprobación). Non se autorizan <i>de facto</i> todos os complementos, senón unicamente aqueles que cumpran certos requisitos.

Solicitante	Solicitude	Resposta
Carlos Prado Francisco Javier González Castaño Xana Álvarez Bermúdez	2- Debería permitirse que se autorice a retribución ao profesorado desde a AEI. Artigo 5 «Gastos imputables» manter a posibilidade de retribuír o persoal vinculado á AEI. Artigo 5 «Gastos imputables» incluír como gasto imputable as retribucións a investigadores/as pertencentes á AEI.	2. As retribucións adicionais do profesorado teñen como orixe unha actividade de transferencia, xa sexa unha cátedra de empresa que estableza esta retribución como gasto elixible (que si poderá pagarse desde a AEI), ou unha actividade do artigo 60, que permite xa esta retribución desde a partida propia específica da actividade, eliminando, coa nova normativa de actividades do artigo 60, a obrigatoriedade de, no caso de cobrar retribucións, transferir unha parte dos fondos ao departamento. De acordo co carácter plurianual das AEI, permitir as retribucións de profesorado vencelladas a estas actividades en anos posteriores á súa realización pode dar lugar a irregularidades no ámbito fiscal.

Solicitante	Solicitud	Resposta
Henrique Lorenzo Cimadevila	Engadir: retribucións a investigadores/as pertencentes as AEI (nunca poderán superar a volume de transferencia de fondos desde actividades artigo 60 ou RLD nesa mesma anualidade).	Como as actividades do artigo 60 e a normativa de xestión dos RLD permiten o pagamento de retribucións adicionais dedde as súas partidas, non resultaría eficiente facer unha transferencia ás AEI para facer estes pagamentos.

Procédese a votar co seguinte resultado:

32 votos a favor, 3 votos en contra, e 4 abstencións.

Apróbase por maioría.

16. Aprobación, se procede, da modificación da normativa de xestión de recursos liberados dispoñibles nos proxectos de investigación.

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación explica a modificación da normativa coa seguinte presentación:

Principais cambios

- Aplícase tamén a outros proxectos de I+D+i susceptibles de xerar RLD, aínda que non sexan europeos (Facendo,...). Segue sen aplicarse aos proxectos internacionais do ámbito educativo.
- Incremento dos custos indirectos para chegar ao que marque a convocatoria.
- Incremento da porcentaxe dispoñible para o grupo de investigación, pasando de 2/3 ao 75 %.
- Eliminación da porcentaxe de indirectos adicional (20 %) que se aplicaba cando se usaban RLDs para o pagamento de retribucións complementarias.
- Por norma xeral, estarán dispoñibles unha vez rematado o proxecto e non logo de cada xustificación, con excepcións xa consideradas.
- Aprobada por asentimento pola Comisión de Investigación

Solicitante	Solicitud	Resposta
Iñigo Cuiñas Gómez	Artigo 2: engadir os proxectos das convocatorias ERASMUS+ K2.	Os ERASMUS+ K2, no ámbito orzamentario, están noutra funcional (121D), polo que o seu tratamento non pode ser igual aos proxectos de I+D (131H), o que imposibilita unha xestión de RLD idéntica.

Solicitante	Solicitud	Resposta
Henrique Lorenzo Cimadevila	Artigo 4: uso dos RLD: engadir en gastos «Retribucións os membros do equipo de traballo do proxecto»	A posibilidade de utilización dos RLD para retribucións adicionais do profesorado está incluída xa no propio artigo 4, como caso específico. As retribucións do resto de membros do equipo de traballo (que non sexan «profesorado») virán establecidas no seu propio contrato de traballo.
Xana Álvarez Bermúdez		

O reitor cede a palabra á xerente, Yolanda Lesmes, antes das posibles intervencións, quen comenta que o informe da auditoría é o que pide que se fagan os cambios que se formulan hoxe. Hoxe mesmo no DOG está contemplado que a UDC sube os custos indirectos ata o 15%, polo que a Universidade de Vigo é a que os ten máis baixos.

Seguidamente, fala o vicexerente de Investigación, Anxo Moreira, quen cre que despois de tantos anos débese acometer esta modificación. Ademais, hai moitos cambios normativos que fan necesarios estes cambios para axustarse á nova lexislación, e tamén para permitir unha maior flexibilidade que tamén demanda a comunidade universitaria. A Comisión Europea quería meter nunha ocasión un 60%, como proba, pero decidiron que era moito. Ese 15% é a media por abaixo do resto das universidades, e se atendemos á normativa da LOSU e da Lei da Ciencia haberá que demostrar que son fondos de transferencia, ábrese pero evidentemente con mecanismos de control. Para o vicexerente non hai un cambio senón unha puntualización.

O reitor comenta que o traballo que se fixo é excelente, tanto por parte da xerencia como pola vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, pero onte recibiu unha petición para que retirase os puntos da orde do día. Cre que non os vai a retirar, despois de falar con algún dos asinantes, aínda que no inicio pensou en retiralos. Comenta que o DOG de hoxe con respecto a Universidade da Coruña inclúe o 15%, con exemplos bastante básicos.

Jacobo Porteiro comenta que é o secretario da Comisión de Investigación, que houbo un debate nela e que a exposición de Belén Rubio como vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación foi moi honesta. Puntualiza por que non está satisfeito coa normativa e por que vai votar en contra do punto 14 e o punto 16 (artigo 60 e as AEIs). Fai referencia ao artigo 60, e non fala de que se teña que cobrar mais, senón xestionar mellor os fondos que se captan, poñendo exemplos ao respecto, sobre todo facendo referencia aos contratos pequenos do artigo 60, que se poidan xestionar mellor dende o grupo, e despois de atender as actividades do grupo, se poida

retribuír aos que participaron no grupo, facendo unha declaración desas retribucións do ano, a que transferencias de crédito do artigo 60 dese mesmo ano se corresponden.

Manuel Diz Folgar di que na Comisión xa falaran que tiña que actualizarse a normativa, pero nos costes indirectos comenta que está en parte de acordo coa suba dos mesmos, pero o persoal investigador quere que haxa unha planificación para que repercuta nunha mellora dos servizos, ou infraestruturas ou mobiliario. Polo tanto, como non ve o trasfondo, non vai repercutir directamente.

Anabel González Penín votou en contra, e vai votar en contra polo procedemento de elaboración desta normativa, xa que foi todo moi precipitado. Pediron que se incorporasen os informes, polo que non pode votar as modificacións que se fixeron. A súa discrepancia maior é co tipo de profesorado, o artigo 60 da LOSU autoriza para realizar actividades contratadas exclusivamente ao profesorado universitario, pero esta normativa está ampliando o profesorado que o pode facer. É unha normativa confusa que vai traer problemas, non se aclaran o tipo de figuras. Está de acordo coa suba dos custos indirectos, parécelle pouco, e con todas as modificacións que se incorporaron nesta segunda Comisión de Investigación (que era o que ela pedía na primeira Comisión), que se incorporasen os informes técnicos que viñan tanto de Control Interno, de Xerencia e dos servizos técnicos da Universidade. As medidas son axeitadas despois da primeira Comisión de Investigación, pero o proceso debía terse levado doutra maneira, pero non é que estea totalmente en contra do que se trae hoxe. Belén Rubio indica que se incorporou que o profesorado debe ser exclusivamente doutor (proposta de Anabel González Penín). Fai tamén un comentario, dirixido aos que falan hoxe, como Jacobo Porteiro, dicíndolles que o inventariable vaino poder comprar en calquera momento, e cobrar o que queiran cobrar tamén, pero lembrando que cada contrato que remata é un acto xurídico independente. A Manuel Diz lle responde con respecto ao mobiliario, ou de infraestruturas, que non recibiu ningunha petición ao respecto, aínda que presenta un exemplo dalgún centro.

Anabel González Penín di que non é un castigo (con respecto a manifestación de Belén Rubio de que é un castigo) senón que é coherente co que votou na comisión do 1 de abril de 2024. Belén responde que Jacobo cambiou de idea, xa que na Comisión de 1 de abril votara a favor.

Concepción Paz vai votar tamén en contra, e quere puntualizar con respecto ao 10 ou 15% que pode ser pouco ou moito dependendo de con que ou quen se compare (nos proxectos europeos piden certificacións, pero non é o caso do que estamos a falar). Seguidamente pregúntalle á xerente se os grupos terán que ter contratado o persoal con cargo a eses grupos, a eses fondos.

Anxo Moreiras responde a Concepción Paz con respecto á rendición de contas dos proxectos europeos, sabe que non son o mesmo, polo que non van a ter as mesmas esixencias. E con respecto aos custos indirectos, non se fai unha proposta por comparativa senón que se reforza a idea ao ver o que fan os demais. Cando se fai unha proposta non se mira a comparativa, se fai un cálculo primeiro sen mirar a ningún, polo custo real que hai detrás, e despois se mira comparativamente. Segue un debate con respecto á posición de cada quen e os motivos do voto negativo que xa adiantaron.

Belén Rubio engade que a xestión das AEIs dá moito traballo e tamén ten un custo.

A xerente comenta que algo había que facer despois de tantos anos. Hai cláusulas abertas que permiten encaixar o equilibrio orzamentario, anualmente hai ese compromiso de ver esas anualidades para aceptar outra valoración. En canto a participación na FEUGA, nós temos o reproche do Consello de Contas coa advertencia feita polo Consello de Contas.

Manuel Diz fai unha aclaración, así como Concepción Paz, con respecto ao tema do IVA. Seguidamente procédese a votar.

Resultado da votación:

34 votos a favor, 2 en contra, e 2 abstencións.

Apróbase por maioría.

17. Aprobación, se procede, do plan de acción COARA 2024-2027.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen presenta o plan de acción COARA:



A necesidade de repensar como se avalía a investigación era unha demanda da comunidade:

- 2012: Declaración de San Francisco sobre a avaliación da investigación (DORA)
- 2015 Manifiesto de Leiden

2022: A CE publica o texto do acordo institucional de todas as organizacións que queiran sumarse á reforma do sistema de avaliación da investigación:

Agreement on reforming research assessment.

O 1 de decembro de 2022 constitúese **CoARA**, a Coalición Internacional para o Avance da Avaliación da Investigación, unha asociación europea que inclúe as institucións que asinan este acordo.

700 organizacións están adheridas.

CoARA busca a **reforma sistémica da avaliación da investigación** e a **mellora das prácticas de avaliación**, a partir do debate e do consenso da comunidade internacional, coa aplicación duns principios compartidos.

En decembro de 2022, a **UVigo** incorpórase a **CoARA**.

Na súa estratexia de **excelencia nos recursos humanos (RRHH)** para investigadores/as, recoñecida pola CE co selo **HR Excellence in Research**.

Open Call for Cascade Funding

Catalysing Reform
in Research Assessment!

Apply by
26 June!

Esta convocatoria de financiamento pretende potenciar o **cambio institucional**, con **iniciativas piloto** e de **intercambio de coñecementos**.

Apoiar o desenvolvemento e a experimentación de enfoques, modelos e procedementos novos e innovadores de **avaliación da investigación**.



Key Figures

Total funding	2.75 million EUR; 40% (1.1M EUR) for the first call
Funding per project	30,000 EUR to 60,000 EUR: a lump sum, depending on the type of project
Number of projects to be funded	+ 50 overall: 20-25 projects in first round.
Target applicants	Legal entities interested in reforming research assessment practices in their institutions
1st call	26 April - 26 June 2024
2nd call	December 2024, open for 60 days.
Duration of the projects	Implementation within 12 months after signature of a Third-Party Project Agreement - TPPA
Start of the projects	Within 4 months from TPPA signature

Maximum grant amount: 60 K€

Maximum project duration: 1 year





4. Plan de Acción de Universidade de Vigo

FASES	LINAS	ACCIONS	CALENDARIO	DESCRIPCÓN
FASE A	Comité COARA	Recursos humanos e materiais	2024	Creación do grupo de traballo para a elaboración, aplicación e seguimento do plan de acción de COARA.
				Establecemento de reunións periódicas de seguimento
FASE B	Estratexia COARA	Visibilidade/Comunicación	2024	Dotación de recursos
				Facer visibles os principios de COARA e o compromiso da institución con eles.
FASE B	Identificación do estado de situación	Diagnóstico dos procedementos de avaliación da actividade investigadora	2024	Análise dos métodos de avaliación aplicados á estrutura da investigación (grupos, departamentos, investigadores) en materia de financiamento, selección de persoal, contratación e evolución da

				carreira académica na Uvigo e nas institucións da contorna nacional e europea.
FASE C	Implicación da comunidade institucional no proceso de cambio	Formación, divulgación e sensibilización	2024	Fomentar a concienciación e instaurar unha cultura de avaliación científica rigorosa en toda a institución.
		Carreira investigadora	2024	Deseño de itinerarios de formación de investigadores.
		Consulta pública	2024	Implicar aos investigadores no proceso de reforma da avaliación recollendo os seus puntos de vista e expectativas respecto a a mellora do sistema de avaliación.
		Debate coas partes interesadas	2024	Implicar ao resto das partes interesadas no proceso.
FASE D	Implementación de ferramentas para o cambio	Definición do novo sistema de avaliación	2025	Selección dos novos criterios que deben aplicarse.
		Procura de ferramentas para aplicar os criterios CoARA	2025	Deseño e creación das novas ferramentas para o novo sistema

FASE E	Proba Piloto	Iniciativa piloto para a revisión dos protocolos de avaliación	2026	Deseñar un proxecto piloto destinado especificamente a perfeccionar os mecanismos de avaliación da investigación, co fin de fomentar unha contorna propicia á excelencia investigadora.
FASE F	Implantación Global	Implementación global progresiva	2026-2027	Aplicación de protocolos de avaliación revisados en consonancia con CoARA.
	Difusión & Divulgación	Actividades de Comunicación	2027	Difundir o proceso de transformación da Universidade de Vigo. Fomentar a colaboración e o intercambio de coñecementos con outras universidades e grupos de interese.



18. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde.

O reitor explica que procedeuse de acordo coa legalidade vixente, polo que pide a aprobación do regulamento.

Apróbase por asentimento.

19. Nomeamento, se procede, de membros da Comisión de Mobilidade Internacional polo sector de responsables de relacións internacionais.

O reitor dálle a palabra á vicerreitora de Internacionalización, Maribel del Pozo, quen informa do seguinte:



Novo membro:

- Alejandra Alonso Calvete; Facultade de Fisioterapia

Renovación:

- Elena de Prada Creo, Facultade de Relacións Internacionais
- Cristina Trillo Yáñez, Escola de Enxeñaría Industrial
- Beatriz Rodríguez Rodríguez, Facultade de Filoloxía e Tradución

Agradece o traballo realizado por Iris todos estes anos.

Apróbase por asentimento.

20. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de Mobilidade Internacional.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Internacionalización, Maribel del Pozo, quen indica que este regulamento non é tan antigo, pero viron a necesidade de modificalo.

Principais modificacións

- Definición de «mobilidade internacional»: *Sen que sirva de limitación, entenderase que a mobilidade internacional leva consigo a realización de actividades nunha institución socia. No caso do estudantado, inclúiranse actividades formativas; no do PDI, actividades docentes ou formativas na institución socia; e no do PTXAS, actividades de formación.*
- Art. 6: Cambia o nome da «Comisión de Mobilidade Internacional da Universidade de Vigo» por «Comisión de Relacións Internacionais (CRI) da Universidade de Vigo».
- Art. 7.1: Normativa propia dos centros (nivel de idiomas, n.º de ECTS, materias, PCEO etc.).
- En xeral, revisión dos procedementos relacionados coa mobilidade internacional do estudantado, PDI e PTXAS.

Regulamento de mobilidade internacional

- Proceso de revisión:
- Comisión de Relacións Internacionais (CRI): Xerencia, servizos de grao, posgrao, prezos públicos, RRIL, estudantes etc.
- Asesoría Xurídica: informe favorable
- Exposición pública
- CRI
- Asesoría Xurídica
- ANL
- Consello de Goberno

Apróbase por asentimento.

21. Aprobación, se procede, da modificación do modelo de gobernanza do Campus Auga.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor do Campus de Ourense, Francisco Javier Rajo, quen comenta a modificación, consensuada entre a Universidade de Vigo e a Xunta de Galicia:

Composición do consello reitor

- Reitor/a da Universidade de Vigo
- Vicerreitor/a da Universidade de Vigo
- Vicerreitor/a de Investigación, Transferencia e Innovación
- Secretaría Xeral de Universidades (Xunta de Galicia)
- Representante do Consello Social
- Representante do sector empresarial: grupo Coren
- Director/a do Campus Auga

O que muda fronte ao anterior é que antes o Consello Social estaba representado por unha empresa, e agora queremos un representante do Consello Social. Quere o reitor que conste o seu agradecemento ao Consello Social.

Apróbase por asentimento.

22. Quenda de intervencións.

O reitor cede a palabra a Xosé Manuel Cid, ten eleccións convocadas para o Decanato e polo tanto causará baixa. Pide desculpas se algunha vez equivocouse, e agradece o bo clima de traballo que houbo sempre (un aplauso unánime na Sala para Cid). O reitor dille que vai contar con el para seguir traballando, inclusive na Comisión de Estatutos.

Rebeca Díaz di que ten preocupación por como se vai a cubrir a docencia en inglés nos diversos graos. Parece que non se pode pedir o nivel de inglés requerido (B2) ao profesorado que opte á lista de agarda, segundo a información facilitada polo Vicerreitor de Profesorado e Ordenación Académica. Pide que se modifique canto antes se é un problema de normativa interna da UVigo. Ten outro comentario sobre as Becas internacionais K-171 e K-13, son proxectos de mobilidade de persoal da comunidade europea a outros países fóra do espazo europeo de educación superior. Todos os anos envíase a solicitude dos proxectos e nestas propostas vai o orzamento, o plan de actividades a facer e o número de mobilidades para realizalo. Pero este ano, por primeira vez, nas bolsas de Vigo para ir fóra o importe recibido de axuda vaise repercutir no IRPF.

O reitor cede a palabra a Maribel del Pozo para responder a Rebeca polo que se refire ás bolsas. Non hai un criterio, ao ser unha actividade voluntaria, e non unha comisión de servizos, teñen que facer esa retención.

Rebeca Díaz disente do que explica a xerente, na mesma dirección que Maribel del Pozo, en relación ao informe da asesora tributaria da universidade no que considera a axencia tributaria que debe tributarse por ese concepto, xa que non comparte ese punto de vista: desde o seu punto de vista esta actividade non é voluntaria, dado que é preciso cumprir as actividades indicadas na solicitude dos proxectos KA 171.

Rebeca Díaz comenta que “se recibiron os comentarios da ACSUG polo PARS moi tarde (entrado xuño) e con pouco prazo (un día) para facer as modificacións indicadas (que se enviaron en novembro polos centros). Tendo en conta que a ACSUG é a axencia de calidade galega, debería ser a primeira en cumprir os criterios de calidade”.

Juan Picos o día 8 de xullo cesa como director da Escola e quería despedirse e agradecer os 7 anos que estivo en Consello de Goberno. (Aplauso unánime na Sala para Juan Picos).

María José Ríos Santomé fala de SIGMA, que solo aparece en inglés e castelán, e aínda non en galego. O reitor responde que hai un grupo importante de xente traballando para que toda a aplicación estea en galego o antes posible. María José Ríos responde que os Estatutos hai que cumprilos.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:25 h. do día 20 de xuño de 2024, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

A secretaria xeral

ASUNTO: INTEGRACIÓN DE ESTUDIOS DE ENFERMERÍA EN LA UVIGO

En nombre de la Plataforma Pro Campus de Ourense, Claudio Cerdeiriña Álvarez

EXPONE:

1º. Los colectivos afectados son estudiantado y profesorado de Escuela Universitaria que participa en las actividades docentes para conseguir el título de Grado Universitario en Enfermería. Como tales, constituyen la comunidad universitaria del sur de Galicia en el ámbito de la Enfermería.

2º. La exclusión del estudiantado en las comisiones de elaboración de planes de estudios de Grado y Máster en Enfermería supone la conculcación de derechos de un colectivo reconocidos por un Real Decreto.

3º. Tanto la exclusión de las Escuelas de Enfermería como centros de adscripción provisional del Máster en Enfermería como el cese efectivo de la directora de la Escuela de Vigo-Meixoeiro como persona responsable del Grado en Enfermería redundan en la discriminación de la comunidad universitaria de la Enfermería en la organización de unos estudios universitarios de Enfermería.

4º. No hay justificación para que la UVigo se haya saltado la costumbre jurídica que exige consenso entre centros implicados para titulaciones compartidas, máxime teniendo en cuenta que el futuro de las carreras académico-profesionales de las personas implicadas y los intereses legítimos de los distintos territorios dependen críticamente de las decisiones estratégicas que se adopten sobre las titulaciones.

5º. La comunidad de la Enfermería es mayoritariamente femenina y ha sufrido históricamente la discriminación por sesgo de género como pocas. Las decisiones administrativas adoptadas por la Universidad de Vigo privan a esta comunidad del poder de decisión y el prestigio, de manera que, consciente o inconscientemente, colocan de facto un techo de cristal que persevera en su discriminación histórica.

Por todo lo expuesto,

SOLICITA:

Que se suspenda la tramitación de Grado y Máster en Enfermería y sea retomada respetando los estándares académicos y profesionales así como las estrategias de acción positiva que, con arreglo a la Ley 3/2007, deben ser impulsadas por los poderes públicos.

ASUNTO: INTEGRACIÓN DE ESTUDIOS DE ENFERMERÍA EN LA UVIGO

En nombre del profesorado de las Escuelas Universitarias de Vigo-Meixoeiro y Ourense, María Reyes Pérez Fernández

EXPONE:

Primero. La situación de precariedad de las escuelas adscritas de Enfermería hace que su integración de la Universidad de Vigo sea muy pertinente y deseable. Este proceso será satisfactorio siempre que se lleve a cabo con garantías para todas las partes implicadas, a saber, estudiantado, profesorado y territorios de influencia de las actuales escuelas.

Segundo. Las Escuelas de Vigo-Meixoeiro y Ourense no han avalado los procesos relativos a Grado y Máster en Enfermería en la forma en la que se están desarrollando por considerar que no garantizan el lógico protagonismo que debe tener la comunidad universitaria de las escuelas adscritas en la organización de las titulaciones. Una prueba evidente de esto es que para el Máster se propone la Facultad de Fisioterapia como centro de adscripción, cuando no existe impedimento alguno en emplear de manera provisional a las actuales escuelas. Una segunda prueba es que la propuesta de modificación del Grado sustituye a la directora de la Escuela de Vigo-Meixoeiro como responsable del título por un profesor de la Facultad de Fisioterapia con formación en Biología y sin experiencia docente contrastable en el ámbito de la Enfermería.

Tercero. La costumbre jurídica en la Universidad de Vigo dicta que el consenso es imprescindible para el caso de titulaciones compartidas por varios centros. Así lo establece explícitamente el acta de una reunión celebrada el 8 de mayo de 2019 en el rectorado con la participación del actual vicerrector de Titulaciones e Innovación Docente.

Por todo lo expuesto,

SOLICITA:

Que se paralice la tramitación de Grado y Máster en Enfermería y se retome a finales del presente año, cuando, previsiblemente, el proceso de creación de la Facultad de Enfermería de la Universidad de Vigo esté finalizado.

ASUNTO: INTEGRACIÓN DE ESTUDIOS DE ENFERMERÍA EN LA UVIGO

En nombre del estudiantado de las Escuelas Universitarias de Ourense y Vigo-Meixoeiro, Lucía De Luis Cid y José Blanco Alonso

EXPONEN:

Primero. El artículo 5.7 del Real Decreto 822/2021 por el que se establece la organización de las enseñanzas universitarias y el procedimiento de aseguramiento de su calidad indica explícitamente que “Las universidades asegurarán la participación del estudiantado en las comisiones creadas específicamente para la elaboración de la memoria del título de Grado o de Máster Universitario”.

Segundo. Las comisiones creadas específicamente para la elaboración de las memorias del Grado en Enfermería y el Máster en Enfermería de Práctica Cardiovascular y Respiratoria Avanzada no incluyeron a ningún miembro del estudiantado.

Tercero. Tras presentar alegación al respecto a través del procedimiento legalmente establecido, el defecto no ha sido subsanado.

Por todo lo expuesto,

SOLICITAN:

Que se paralice la tramitación del Grado en Enfermería y el Máster en Enfermería de Práctica Cardiovascular y Respiratoria Avanzada y se retome creando comisiones para la elaboración de los planes de estudios que, en cumplimiento de la legislación vigente, aseguren la participación del estudiantado.